



www.oqueleo.com

© 2017, María Canosa e Kike Gómez

© 2017, Dani Padrón

© Desta edición: 2019, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.
e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-80-8

Depósito legal: M-1066-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Terceira edición: outubro de 2019

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega, Álvaro Recuenco
e Ester Marín

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

O que nunca che contaron

María Canosa e Kike Gómez

Ilustracións de Dani Padrón

oqueleo

Índice

O mecánico de estrelas	9
A debuxante de horizontes	21
O vendedor de ideas	39
A domadora de bolboretas	51
A repartidora de onomatopeas	69
O transformador de froitas	85

O mecánico de estrelas

Cando Henry respondeu ao anuncio de «Búscase mecánico. Xornada nocturna», xamais imaxinara o que o estaba a agardar.

9

A entrevista fora relativamente rápida e sinxela. Buscaban un mecánico a quen non lle importase traballar de noite, que tivese coñecementos en iluminación e, isto era o máis importante, que non falase con ningún sobre a súa ocupación.

Isto último non era ningún problema, xa que Henry vivía só e apenas se relacionaba con ninguén. Así que, por moito que quixese, non tería a quen contarllo.

10 Todo indicaba que era a persoa axeitada para o posto, polo que o seu entrevistador deulle, sen máis, os parabéns e díxolle que conseguira o traballo. Proporcionoulle unha chave e pediulle que se presentase antes do anoitecer nunha calella situada tras a rúa da Galaxia. Alí atoparía unha porta de cor negra cun cartel de «Prohibida a entrada a toda persoa allea a este ESPAZO». A chave abriría a porta.

 Colleuna e marchou.

 Pasado un tempo, decatouse de que non tiña nin idea de cal era realmente o traballo que debía desempeñar. Quixo volver ao lugar da entrevista, pero non lembraba onde fora. Era curioso, pero nin sequera lembraba a cara do seu entrevistador. O único que quedara daquela reunión era a devandita chave e aquela porta.

—Non me queda outra que ir alí —pensou.

Foi ata a casa, puxo a funda e o cinto de ferramentas e saíu cara á rúa da Galaxia. Ao chegar atopou a calella e, ao internarse nela, a porta negra. Non había lugar a dúbidas. O cartel estaba ben claro:

11

«Prohibida a entrada a toda persoa allea a este ESPAZO»

Pareceulle curioso que a palabra espazo estivese escrita en maiúsculas, pero tampouco lle deu maior importancia. Sacou a chave e abriu a porta. Dentro deu cun corredor que conducía cara a un ascensor antigo. Non había nada máis, así que camiñou ata alí. Ao entrar no ascensor atopou unha carpeta e un sobre co seu nome.

«Benvido, Henry. A partir de agora encargaste do mantemento das estrelas. Lem-

bra que é un segredo. Nesta carpeta están as túas tarefas de hoxe. Arriba tes todo o necesario. Que teñas unha boa noite.»

—Acaso é unha broma? —díxose a si mesmo. Non era a primeira vez que alguén intentaba rirse del, pero isto xa lle parecía demasiado.

12

No elevador só había unha panca para subir e baixar. Nunha etiqueta puña «Ceo» e na outra «Terra». Todo moi rudimentario. Non sabía moi ben que pensar, así que, movido pola curiosidade, tirou da panca cara arriba.

Comezou a subir lentamente ao principio, pero despois foise acelerando cada vez máis e máis. Finalmente, o artefacto detívose e a porta abriu.

Henry non daba creto ao que vía. Diante del estendíase un inmenso espazo de cor acibeche. Parecía non ter fin. Había miles de



pequenas luces que, coma se estivesen penduradas do teito, o alumeaban.

Sen decatarse, saíra do ascensor e agora aboiaba no espazo. Que sensación! Era como estar voando!

Abriu a carpeta e mirou o seu contido.

14 Dentro había un mapa estelar e unha listaxe de tarefas:

«A Sirrah, Alderamin e Mirfak fundíuse-lles unha lámpada. Cambiar urxentemente.»

Mirou o mapa e alí estaban, rodeadas cun círculo encarnado. Eran nomes de estrelas! Pero, sería certo o que aparecía na listaxe? Tiña que comprobalo.

No sobre puña que arriba tiña todo o preciso, así que debería haber algo alí que lle axudase a indagar se todo aquilo era real. Mirou ao seu redor e viu que ao lado do ascensor había un grande armario.

Dentro atopou toda clase de cousas: lámpadas de diferentes tamaños e formas, botes de aceite, porcas... e o máis sorprendente de todo, unha bicicleta! Non pretenderían que pedalease miles de quilómetros, non?

—Despois do visto, non teño nada que perder —díxose a si mesmo.

15

Así que colleu unhas poucas lámpadas e montou na bicicleta. Mirou no mapa con atención e colocouse en dirección a Sirrah. Ao comezar a pedalar, esluíuse o espazo, coma cando un vai no coche a gran velocidade. Case sen esforzo, percorreu o traxecto ata a estrela en cuestión de minutos.

Alí estaba, como pendurada do aire, unha preciosa esfera alaranxada sen luz. Achegouse e puido comprobar que no seu interior había unha lámpada apagada. Aínda estaba quente, polo que non debía levar demasiado

tempo así. Colleu unha das lámpadas que levaba con el, desenroscou a que estaba estragada e substituíuna pola nova.

A esfera comezou a brillar intensamente de novo. Henry nunca vira unha luz así, tan cálida e á vez tan potente. Non o podía crer.

16 Realmente convertérase no mecánico das estrelas!

Día tras día, antes da bocanoite, cruzaba a porta negra, subía ao ascensor e recollía a carpeta coas instrucións precisas do que tiña que facer: «Os aneis de Saturno non viran ben. Engraxar», «Unha das estrelas da constelación de Pegaso está un pouco solta. Apertar», «Hoxe toca Lúa nova. Cubrir satélite cunha lona».

Non todo saía sempre ben, ás veces Henry tamén metía a zoca, como lle pasa a calquera persoa no seu traballo. En máis dunha



ocasión caéralle algunha lámpada sen querer, cousa que non o preocupaba demasiado, pois significaba que a xente vía «estrelas fugaces» esa noite. E unha vez, mentres lle sacaba brillo a Xúpiter, desprendéuselle un anaquiño. Ao día seguinte os astrónomos espertaron cunha lúa de máis no planeta.

Pero o que máis lle gustaba a Henry do seu traballo era que, desde alí arriba, podía observar a Terra e os seus habitantes. Era quen de distinguir a xente que camiñaba polas rúas, corría polo parque, volvía do traballo...

Estar naquel lugar permitíalle ver as cousas doutra maneira, quizais por iso un día se decatou de que aló embaixo todos estaban demasiado ocupados pensando en si mesmos como para ser conscientes do que tiñan

arredor delas. E isto fixo que se sentise realmente triste.

Quería cambialo, pero... como? Foi pensalo e, ao instante, veulle unha fabulosa idea á cabeza.

Percorreu axiña o espazo e foi apagando unhas lámpadas e acendendo outras. Cando rematou, sorriu. Dirixiuse ao ascensor para concluír a xornada, sen saber moi ben se o despedirían por aquilo.

Non lle importaba.

Abaixo na Terra, a xente miraba atónita o ceo nocturno, mentres lía unhas letras debuxadas con estrelas:

«Non estades sós».